

Amigas e amigos, presentámoslles este libro co título de *A Coruña na historia*, dentro do proxecto que intenta contar a historia de Galicia. Ao contar a historia das súas cidades e vilas, a historia económica social e cultural concretada nun territorio, nunha xeografía humanizada, nunha arquitectura habitada por xentes que de cando en vez dan nome ás súas rúas e prazas.

A historia dunha cidade sempre é unha historia de amor e desamor para co seu territorio, e na cidade de a Coruña móstrase con demasiada frecuencia o seu alonxamento do mar, que a bañade néboas e de sal.

Nesta continua construción de deconstrución da cidade da Coruña, acolleita á súa luz quase submariña, reflicte a cultura de cada tempo como nunha nidia estatigrafía dos condicionantes sociais e económicos. Cada edificio, cada rúa, ten tanto de historia colectiva e individual.

A cidade historia, a cidade vella dentro da cidade é centro. A pescadería que se volve periferia, e outra ve centro nun ir e vir de onda mariña, segundo a cambiante escala de valores, sociais e económicos, que informa e conforman a cidade.

Penso que os escritores aínda temos unha débeda histórica coa cidade que tanto amou e respectou aos seus escritores e escritoras. Si Blanco Amor broslou o polícromo tapiz human de Ourense para a eternidade, si Otero Pedraio atravesou o espello do horizonte no serán de Compostela para nos mostrar as variacións dos mil espellos dunha bágoa no rostro dos humanos, a Coruña si ten o seu pintor en Lugris.

Creo que aínda non ten a súa obra literaria definitiva, o Dublín de James Joyce, que a faga deter no tempo, mas si ten os seus historiadores que o autor Henrique Rabuñal cita no libro que hoxe presentamos.

E entre estes autores temos con nós ao profesor Xosé Ramón Barreiro Fernández, catedrático de Historia Contemporánea na Universidade de Santiago de Compostela, cunha tan extensa e intensa biobibliografía, de fértil maxisterio entre os novos historiadores, e entre todos os que sentimos a Galiza, que xa é para todos nós un mestre de historiadores, dos que levan entrañado no cerno do seu pensamento a Galiza máis verdadeira e que asía a trasmiten.

E quixera aproveitar este acto para lle agradecer o moito que axudou a moitos de nós en momentos fundacionais do noso pensamento a alimentar e acrecentar a nosa conciencia nacional, pois literalmente bebíamos os seus libros para nos poder explicar a nosa historia colectiva, e así poder explicarnos a nós mesmos como individuos. A miña xeración, que defende o nome de Galiza, e o ser dos galegos en todo lugar, desde a cidade o vila máis vigorosa até o concello máis homilde e amantiño, débémolles ao profesor Xosé Ramón Barreiro Fernández unha grande parte da nosa equipaxe cultural e de conciencia historicamente fundamentada. Penso que é de xustiza recoñecelo publicamente.

E temos con nós ao autor do libro, Henrique Rabuñal, escritor e poeta, a quen quero agradecer o seu esforzo, a imensa ilusión que con el eu compartín ao longo da elaboración do libro, co proceso duro certamente de ir reducindo páxinas e páxinas até eses 24 folios, na busca do formato da colección, dese mínimo común a todo o proxecto editorial.

Foi moito o labor de acrisolamento cun fío conductor, un algo lírico para facer divulgación. Foi moito o esforzo pola súa parte de esencializar tanta historia e ao mesmo tempo facela próxima, cotián, de a diario, fermosamente vestida de traxe de domingo, que nos diría Pimentel.

Na parte gráfica tentamos dar imaxes da cidade, moitas veces desaparecidas, como a muralla da cidade vella no Parrote, quizais porque sempre tiveron a preocupación de preservar a memoria colectiva das nosas cidades. Porque en dez ou quince anos un neno nunha cidade, a diferenza do rural, poden desaparecer rúas inteiras, mesmo a casa onde se naceu, cando un neno labrego ten os montes e os ríos nos lugares de sempre, aínda que ás veces deturpados.

Permítanme, pois, darlle a palabra sempre sabia ao profesor Barreiro Fernández e ao autor Henrique Rabuñal.